

***Memoria demostrativa do grao en que se cumpriron
os obxectivos programados con indicación dos
previstos e alcanzados co custo dos mesmos***

CONTA XERAL 2024

1.- INTRODUCCIÓN

Orzamento inicial

- Actuacións máis significativas a o longo do exercicio
- Estabilidade orzamentaria

2.- OS OBXECTIVOS PROGRAMADOS E O SEU GRAO DE CUMPRIMENTO

- **Obxectivo 1:** Non concertar operacións de débeda no exercicio 2024 e contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos.
- **Obxectivo 2:** Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- **Obxectivo 3:** Mellora dos servizos públicos básicos municipais e redución do número de Plans destinados a colaborar cos concellos.
- **Obxectivo 4:** Continuar a execución de programas xa iniciados anteriormente como son o Plan de Investimento e o Plan de conservación de vías provinciais, o Plan de sendas peonís e o Plan de travesías, todos eles co obxecto de mellorar a seguridade nas estradas provinciais; así como, continuar coa execución do Plan Director de Mobilidade Ciclista.
- **Obxectivo 5:** Continuar coa xestión do Plan de Emprego Local, no que se procurará a colaboración e a achega da Xunta de Galicia e a participación activa dos concellos.
- **Obxectivo 6:** Incorpóranse aos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos o fomento de accións tendentes a favorecer a igualdade efectiva da muller, a loita contra a violencia de xénero e o fomento da lingua galega.
- **Obxectivo 7:** Política de austeridade e contención do gasto corrente.
- **Obxectivo 8:** Seguir prestando do mellor xeito posible a asistencia xurídica, económica, técnica e urbanística aos concellos así como darlles cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica e subministración e implantación de novas funcionalidades na aplicación informático-contable.
- **Obxectivo 9:** Fondos «Next Generation EU».

MARÍA DEL ROSARIO VILAS
MARZOA
Data e hora: 05/05/2025 13:21

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA
Data e hora: 05/05/2025 13:11

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=eb8fc6f158a1509e582e632f5ecdd91c43d93a92>

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
969ae29df6b3ee45cb78a87117ea157aa890ab4e



Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
969ae29df6b3ee45cb78a87117ea157aa890ab4e



VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 05/05/2025 12:35

3.- CONCLUSIÓNS FINAIS

- Valoración xenérica dos obxectivos 2024
- Valoración final

4.- ANEXOS

- Anexo I: Distribución do orzamento total excepto remanentes por áreas de gasto.
- Anexo II: Asignación do crédito a cada grupo de programa.
- Anexo III: Detalle da execución por programas de gasto.
- Anexo IV: Memoria de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos
- Anexo V: Memoria Xestión, Recadación e Inspección Tributaria



1.- INTRODUCCIÓN

A teor do establecido no art. 211 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e na regra 48.3b da Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, os municipios de máis de 50.000 habitantes e demais entidades locais de ámbito superior, acompañarán á conta xeral unha memoria demostrativa do grao en que se cumpriron os obxectivos programados, con indicación dos previstos e alcanzados co seu custo.

Esta entidade, a través da clasificación funcional do orzamento, determina programas concretos en base a actividades que se han realizar durante o exercicio económico, asignándolles créditos para a súa consecución. Este desenvolvemento programático do orzamento permite establecer un sistema de análise da consecución dos obxectivos programados a través do grao de execución orzamentaria.

No exercicio 2024 tiveron asignación económica 164 programas, ben como consignación inicial ou ben como resultado de expedientes de modificación de créditos posteriores á aprobación do orzamento que se detallan nos anexos á presente memoria.

Deses 164 programas centraremos a análise naqueles que constituíron os obxectivos principais da política de gasto reflectidos na memoria da elaboración do orzamento 2024 xunto cos seus estados numéricos e nos expedientes de modificación de crédito aprobados ao longo do exercicio. Tolo iso respectando o cumprimento do marco de estabilidade orzamentaria.

Orzamento inicial

O proxecto de orzamento para o exercicio 2024 foi presentado pola Corporación constituída para o mandato 2023-2027, e na preceptiva Memoria da presidencia condensáronse as ideas e obxectivos das novas políticas que se han levar a cabo como administración pública de carácter territorial conformada pola agrupación de 93 concellos no que o mais importante é

conseguir que o conxunto da veciñanza se poida sentir ben atendida no referente a prestación de servizos básicos de competencia local e as súas infraestruturas.

En base a esta responsabilidade presentouse o orzamento tendo en conta que:

- A situación actual, implicaba adoptar medidas extraordinarias inmediatas de contención do impacto económico e social, de apoio aos concellos da provincia que son os que estiveron e están en primeira liña das diferentes crises que aínda se esta a padecer.
- A xestión económica pública seguía estando limitada por un balance fiscal deficitario e polo crecemento da débeda pública.
- A Lei de orzamentos xerais do Estado non estaba aprobada á hora da presentación do proxecto orzamentario de Deputación, documento esencial para aclarar as posibles incertezas relevantes para todos os axentes económicos e sociais. A previsión dos gastos e ingresos máis relevantes realizouse a partir dunha estimación realista, determinadas sobre a base das previsións estatais.
- As entidades locais terían que seguir abordando a devolución da liquidación da participación nos tributos do Estado dos exercicios 2008, 2009, 2020 e 2022.

En base a estas premisas, elaborouse o orzamento da Deputación para o exercicio 2024, de cuxas consignacións se deducen os obxectivos iniciais para este ano, e que se resumen nas seguintes grandes liñas de actuación:

1. Non concertar operacións de débeda no exercicio 2024 e contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos.
2. Tratar de cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria.
3. Priorizar o mantemento e mellora dos servizos básicos municipais, a existencia de subministración de auga en todos os núcleos de poboación, a correcta xestión da rede de sumidoiros, o bo e eficiente funcionamento da iluminación e a axeitada pavimentación dos camiños e vías públicas partindo dunha premisa fundamental a autonomía municipal, en definitiva, racionalizar e obxectivizar a colaboración desta deputación cos concellos da provincia

4. Continuar a execución de programas xa iniciados anteriormente como son o Plan de vías provinciais, o Plan de sendas peonís, o de travesías ou o Plan de conservación en estradas provinciais co obxectivo de mellorar a seguridade nas vías provinciais.
5. Continuar coa xestión do Plan de Emprego Local, que se concibe como un instrumento que complementa as medidas de cooperación e asistencia promovidos para fomentar o desenvolvemento territorial da provincia, no que se procurará a colaboración e a achega da Xunta de Galicia e a participación activa dos concellos.
6. Manter os programas tradicionais de fomento de actividades e investimentos culturais, deportivos, sociais, de igualdade de oportunidades e loita contra a violencia de xénero, de fomento da lingua galega e de promoción económica dos distintos sectores produtivos.
7. Traballar na política de austeridade e contención do gasto corrente.
8. Seguir prestando do mellor xeito posible a asistencia xurídica, económica, técnica e urbanística aos concellos así como darlles cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica e subministración e implementación de novas funcionalidades nas aplicacións informático-contable, nóminas...

En síntese, incrementar o gasto destinado a concellos e entidades sen fin de lucro, e ser austeros co propio gasto corrente desta administración, tratando de tender á máxima eficiencia posible.

Actuacións máis significativas a o longo do exercicio.

A crise socioeconómica destes últimos anos variou, como non pode ser doutra maneira, a planificación do traballo do conxunto das áreas da Deputación da Coruña, a crise da COVID-19, supuxo un desafío de proporcións históricas para Europa. A Unión Europea e os seus estados membros tiveron que adoptar medidas de emerxencia para protexer a saúde dos cidadáns e evitar o colapso da economía. Aínda que seguiu sendo necesario extremar a vixilancia da situación sanitaria, a atención desprazouse a mitigar os danos socioeconómicos. Isto requiriu un esforzo sen precedentes e un planeamento innovador que impulsou a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea.

Créanse así unhas medidas europeas de recuperación que proporcionen unha resposta rápida e eficaz a un desafío temporal, o instrumento a través do que España quere conseguir estes obxectivos é o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O Organismo Provincial non podía permanecer alleo a estes proxectos, e é o que deu lugar a un novo obxectivo a partir do exercicio 2022:**Obxectivo 9: Fondos «Next Generation EU».**

Por outra banda e sabedora do fundamental papel que desenvolven os concellos coruñeses, as medidas adoptadas seguiron orientándose a colaborar e a apoiar aos entes locais de forma extraordinaria e tiveron o seu reflexo mais importante na continuidade do POS+ e do PEL:

- Respecto do POS+ as Bases reguladoras do POS+2024 eliminan o "pago a provedores", o mesmo que no POS+ 2023 e no POS+ 2022, e contemplan a regulación do POS+Adicional 1/2024, o POS+Adicional 2/2024 e o POS+ Adicional 3/2024.

- **POS+ADICIONAL 1/2024** ten por finalidade **gastos sociais extraordinarios** do exercicio 2024, Na mesma liña de fomentar a relación da Deputación e os concellos da provincia, e como resposta a grave situación económica e social, o equipo de goberno promoveu actuacións dirixidas a financiar gastos sociais extraordinarios co fin de apoiar os servizos sociais municipais.

Neste senso, é claro que a poboación máis susceptible de sufrir os efectos da crise cónfórmana as persoas anciás, fráxiles e dependentes, así como aquelas con menores recursos económicos; motivos polos que se dotaronno orzamento 7.000.000,00 €, que se distribuíron entre os 93 concellos da provincial aplicando os criterios de reparto do POS+ Social.

- **POS+ Adicional 2/2024** ten por finalidade o financiamento de Investimentos financeiramente sostibles.
- **POS+ Adicional 3/2024** ten por finalidade o financiamento da redución da débeda provincial dos concellos.

- Respecto do Plan de Emprego Local (PEL) concibiuse como instrumento que complementa as medidas de cooperación e asistencia promovidas para fomentar o desenvolvemento territorial da provincia, co obxectivo principal de activar todos e cada un dos recursos da Deputación cara a unha meta común: A xeración de actividade económica e emprego para que a provincia da Coruña sega sendo o motor económico de Galicia.

Considerando que as pequenas empresas e traballadores/as autónomos/as son piares fundamentais na socio economía provincial, os fondos destinados ao Plan de Emprego Local, vanse incrementando respecto ós exercicios anteriores:

PROGRAMA	ORZAMENTO 2021	ORZAMENTO 2022	ORZAMENTO 2023	ORZAMENTO 2024
PEL-CONCELLOS	2.041.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	3.606.000,00
PEL-EMPRENDE	3.620.107,40	4.407.250,00	4.630.000,00	3.500.000,00
PEL - PEMES	2.500.000,00	4.500.000,00	4.500.000,00	7.438.600,00
FINANCIAMENTO EUROPEO	1.503.892,60	425.000,00	425.000,00	255.000,00
XESTIÓN	335.000,00	300.000,00	335.000,00	1.266.050,00
TOTAL	10.000.000,00	12.632.250,00	12.890.000,00	16.065.650,00

Todas estas actuacións descritas nos parágrafos anteriores leváronse a cabo porque o permitiu a situación económico-financeira da Deputación da Coruña co que puido dotarse e incluso incrementarse a dotación, de proxectos xa existentes e afrontarse outros necesarios pola situación económica na provincia.

En resumo as dotacións e as súas actuacións máis significativas que se desenvolveron ao longo do exercicio foron as seguintes:

- En relación co **Plan de obras e servizos (POS+ 2024)**, incrementouse a dotación inicial (24.500.000,00 €) do orzamento coas seguintes achegas:
 - No EMC 5/2023 de aprobación polo Pleno: 19.000.000,00€ como achega provincial 2023 ao POS+2024
 - No EMC 2/2024 de aprobación polo Pleno:

46.000.000,00€ para dotar o POS+ Adicional 2/2024: 22.000.000,00 €, para o financiamento de Gasto corrente
e24.000.000,00€ para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles

4.000.000,00€ para dotar o POS+ Adicional 3/2024, para o financiamento da redución de débeda municipal.

- No EMC 5/2024 de aprobación polo Pleno financiado con maiores ingresos dotouse o adianto ao POS+ 2025

12.000.000,00€: POS+ Adicional 3/2024, para a redución de débeda municipal.

33.000.000,00€ para o adianto POS+2025 que ten por finalidade o financiamento **de investimentos financeiramente sostibles** dos concellos

- En relación ao **Plan de Emprego Local (PEL)**, a dotación inicial foi de 16.065.650,00 € e aumentouse coa seguinte dotación:
 - 450.000,00 € no EMC 1/2024.
 - 2.632.732,00 € no EMC 4/2024 para o PEL-Autónomos Consolidado
- Outra das funcións fundamentais para esta Deputación é a Rede de Estradas Provinciais polo que a dotación inicial de mais de 15.977.000,00 € incrementouse a través dos distintos expedientes de modificación coas seguintes achegas:
 - No EMC 2/2024: 2.500.000,00 € para o Plan de Conservación de Vías Provinciais.
 - No EMC 4/2024: 2.500.000,00 € para o Plan de Conservación de Vías Provinciais.

Estabilidade orzamentaria

A análise da información contida no orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2024, permite analizar o grao de cumprimento da estabilidade orzamentaria nas previsións iniciais de ingresos e gastos, segundo se pon de manifesto no seguinte resumo:

OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	INGRESOS	GASTOS	DIFERENZA
Operacións correntes	221.795.891,76	177.599.194,00	44.196.697,76
Operacións de capital	5.308,24	44.021.235,00	-44.015.926,76
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	221.801.200,00	221.620.429,00	180.771,00
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	INGRESOS	GASTOS	DIFERENZA
Activos financeiros	350.000,00	530.771,00	-180.771,00
Pasivos financeiros	0,00	0,00	0
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	350.000,00	530.771,00	-180.771,00
TOTAL	222.151.200,00	222.151.200,00	0,00

Os principais obxectivos que se estableceron para o exercicio 2024 nesta materia, no orzamento provincial, foron os seguintes:

- Manter o obxectivo débeda financeira “cero” (conseguido en 2014) coa finalidade de eliminar a carga financeira futura.
- Aplicación de medidas de estabilización automática no caso de que o remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da Liquidación do exercicio 2024 fose negativo.
- Cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e estabilidade financeira, así como reducir ao mínimo posible os períodos medios de pago a provedores.

No exercicio 2024 recuperárase a aplicación das regras fiscais contidas nas normas de aplicación sobre estabilidade orzamentaria. Na nota de prensa que se xunta a este informe o Ministerio de Facenda indica que:

“Os obxectivos de estabilidade vixentes en 2024 serán os contemplados no Programa de Estabilidade que o Goberno remitiu en abril de 2023 á Comisión Europea e recibiron o aval das autoridades comunitarias.”

Polo que respecta ao financiamento das posteriores modificacións do orzamento realizouse con carácter xeral co remanente de tesourería de conformidade co disposto no seguinte cadro:

Concepto	Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado	Remanente de tesourería para gastos xerais	Remanente de tesourería total
Dispoñible a 01/01/2024	3.959.469,00	334.670.650,81	338.630.119,81
Aplicado a incorporación de remanentes (IR1/2024)	3.959.469,00	147.159.038,88	151.118.507,88
Aplicado ao EMC 1/2024	0,00	105.345.824,67	105.345.824,67
Aplicado ao EMC 2/2024	0,00	61.715.105,82	61.715.105,82
Anulación da incorporación de remanentes (IR/ 1/2024)	0,00	-2.833,31	-2.833,31
Anulación da incorporación de remanentes (IR/ 2/2024)	0,00	0,00	0,00
Anulación da incorporación de remanentes (IR/ 3/2024)	0,00	0,00	0,00
Anulación da incorporación de remanentes (IR/ 4/2024)	-25.596,52	-32.963,87	-58.560,39
Aplicado ao EMC 3/2024	0,00	1.061.132,68	1.061.132,68
Anulación da incorporación de remanentes (IR/ 5/2024)	0,00	-2.632.732,00	-2.632.732,00
Aplicado ao EMC 4/2024	0,00	8.134.645,86	8.134.645,86
Aplicado ao EMC 5/2024	0,00	9.948.362,60	9.948.362,60
Saldo	25.596,52	3.975.069,48	4.000.666,00

A este respecto unicamente debe salientarse que o remanente de tesourería do exercicio 2023, utilizado como recurso para financiar expedientes de modificación de créditos non pode considerarse como unha operación de endebedamento do exercicio 2024 senón que constitúe unha fonte de financiamento propia derivada da execución orzamentaria provincial.

2.- OS OBXECTIVOS PROGRAMADOS E O SEU GRAO DE CUMPRIMENTO

Como consideración previa que hai que ter en conta que para a análise dos programas e/ou capítulos que se inclúen neste apartado, as referencias a créditos definitivos recollen á suma dos créditos asignados inicialmente no orzamento máis as modificacións significativas que puideron ter ao longo do exercicio 2024^{coa excepción das modificacións por incorporación de remanentes}, xa que estas incorporacións correspóndense con gastos pendentes de execución de exercicios anteriores.

OBXECTIVO 1: Non concertar operacións de débeda no exercicio 2024 e contribuír de forma efectiva a redución do endebedamento dos concellos.

Débeda financeira cero na Deputación

A débeda concertada con entidades financeiras amortizouse na súa totalidade no exercicio 2014 e non se concertou ningunha débeda financeira no exercicio 2024. No entanto, temos que ter en conta a procedente dos saldos negativos da Liquidación da Participación en Tributos do Estado dos exercicios 2008, 2009, 2020 e 2022 cuxo importe pendente de devolución obsérvase no seguinte cadro, o que se engade a devolución nun só pago do saldo negativo do exercicio 2022:

CONCEPTO	Total a Reintegrar	Devolto anterior a 2024	Total débeda a 01/01/2024	Total amortizado ano 2024	Total débeda pendente a 31/12/2024
Liquidación 2008	14.759.549,17	11.518.235,88	3.241.313,29	405.164,04	2.836.149,25
Liquidación 2009	46.911.042,85	33.174.999,97	13.736.042,88	1.717.005,60	12.019.037,28
Liquidación 2020	31.268.596,74	24.472.674,21	6.795.922,53	6.795.922,53	
Liquidación 2022	56.973,93			56.973,93	
TOTAL	92.996.162,69	69.165.910,06	23.773.278,70	8.975.066,10	14.855.186,53

Redución do endebedamento dos concellos

Co obxectivo de colaborar cos concellos na redución do seu endebedamento con entidades financeiras non procedentes dos mecanismos de pago a provedores de carácter estatal, a Deputación aprobou dentro do POS+ unha achega denominada "préstamo provincial 2020" coa finalidade de realizar préstamos aos concellos da provincia sen xuros, con dous anos de carencia e cun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2020, durante o exercicio 2024 o gasto foi o seguinte:

DENOMINACIÓ DO PLAN	CRÉDITO TOTAL	GASTO COMPROMETIDO
POS + 2020 - Préstamo provincial	742.700,09	240.286,95

Como consecuencia da aplicación do Plan POS+ Adicional 3/2024, 76 concellos devolveron parte do préstamo que tiñan coa deputación, por unha contía de 3.453.542,88 euros.

OBXECTIVO 2: Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Estabilidade orzamentaria

No informe á Liquidación do orzamento 2024 emitido pola Intervención provincial puxéronse de manifesto os termos nos que procede efectuar unha avaliación definitiva da estabilidade orzamentaria, sendo as conclusións finais desta avaliación as que se expoñen a continuación.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na súa redacción actual, resultante de tomar en consideración as modificacións aprobadas pola Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, establece a necesidade de verificar os resultados obtidos nos apartados que a continuación se indican:

- A)** Obxectivo de estabilidade orzamentaria e determinación do superávit/déficit orzamentario (a que se refiren os artigos 32 e a disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- B)** Obxectivo da Regra de gasto establecida para o exercicio 2024.
- C)** Período medio de pago a provedores.
- D)** Sustentabilidade financeira

A continuación procédese á determinación das magnitudes de estabilidade orzamentaria enumeradas:

Obxectivo de estabilidade orzamentaria e cálculo do Resultado de operacións non financeiras do exercicio 2024 (art. 32 e DA sexta, Lei orgánica 2/2012)

Para a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria utilizouse a “Guía para a comunicación da execución orzamentaria correspondente ao cuarto trimestre de 2024” elaborada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ao amparo do establecido na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de

subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro.

O detalle dos cálculos inclúese como anexo N.3 ao informe da Intervención a Liquidación do Orzamento do exercicio 2024 e o resultado obtido é que, o 31 de decembro de 2024, a Deputación provincial cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria cunha marxe de 58.020.622,99€.

Obxectivo da Regra de gasto.

Cos criterios contidos na guía citada efectuáronse os cálculos que se inclúen como anexo N.4 ao informe da Intervención a Liquidación do Orzamento. Do resultado das operacións realizadas conclúese que a Deputación da Coruña cumpre a Regra de Gasto no exercicio 2024 cunha marxe para o exercicio 2024 de 15.515.673,78€.

Período medio de pago a provedores.

Así mesmo obtívose o período medio de pago a provedores cos criterios establecidos no Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, dispostos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. É de destacar que a nova metodoloxía de cálculo supuxo un cambio importante nas "ratios" desde a súa aplicación a partir de abril de 2018.

Do devandito cálculo determínase que o período medio de pago a provedores do mes de decembro de 2024 foi de 16,63 en Deputación, sendo o período medio de pago global a provedores (Deputación provincial e Consorcio Provincial de Bombeiros) é de 17,07 días.

Sustentabilidade financeira

Nos informes da Liquidación de exercicios anteriores incluíase un apartado no que se avaliaba a débeda viva, a carga financeira anual e os cocientes destas magnitudes comparadas cos dereitos recoñecidos netos o 31 de decembro do exercicio de que se trate. No entanto, unha vez que foi amortizada integramente a débeda contraída con entidades financeiras no mes de setembro de 2014 e como consecuencia de non concertar operación de crédito algunha nos exercicios

posteriores, calquera que sexa o parámetro utilizado, pode afirmarse que a Deputación da Coruña cumpre amplamente o obxectivo de sustentabilidade financeira e está moi lonxe dos límites de endebedamento establecidos nos artigos 51 e 53 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Ao 31 de decembro de 2024 só figura como débeda coa Administración do Estado o saldo negativo da Liquidación de Participación de Tributos do Estado dos exercicios 2008 e 2009 que se detalla no obxectivo 1 deste informe.

Indicadores complementarios

Para unha máis completa valoración da información contida nos documentos que integran o Expediente de liquidación do orzamento provincial do exercicio 2024 recóllense a continuación algúns indicadores considerados relevantes polo texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (Aforro bruto, Aforro neto e relación entre a carga financeira anual e os recursos liquidados por operacións correntes).

AFORRO BRUTO

Esta magnitude determínase, con carácter xeral, deducindo dos dereitos liquidados netos polas operacións correntes as obrigacións recoñecidas netas por operacións correntes do exercicio.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro de medidas fiscais, administrativas e de orde social, modificou a Lei reguladora das facendas locais para establecer un novo criterio de cálculo do aforro neto co obxecto de determinar o procedemento de concertación de novas operacións de crédito, e para ese efecto estableceu que “no aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas derivadas de modificacións de crédito que sexan financiadas con remanente líquido de tesourería” (parágrafo quinto do apartado I do artigo 53 do actual TRLRFL).

En consecuencia, para poder facer comparacións temporais en termos homoxéneos realizárase o primeiro cálculo comentado (A), e para poder verificar o procedemento adecuado de concertación de operacións de crédito realizárase o segundo cálculo citado (B). De tal modo que as fórmulas que se han empregar serán as seguintes:

Método A = Dereitos liquidados netos por operacións correntes 2024 - obrigacións recoñecidas netas por operacións correntes 2024

Método B = Método A + obrigacións recoñecidas netas 2024 financiadas con remanente líquido de tesourería

MÉTODO DE CÁLCULO A

a) Dereitos liquidados netos por operacións correntes do exercicio 2024:

DEREITOS LIQUIDADOS NETOS POR OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo	Dereitos liquidados netos
I Impostos directos	26.855.688,09
II Impostos indirectos	19.084.880,33
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.996.435,20
IV Transferencias correntes	236.273.645,79
V Ingresos patrimoniasis	12.953.869,27
TOTAL DEREITOS LIQUIDADOS NETOS	309.164.518,68

b) Obrigacións recoñecidas netas do exercicio 2024 por operacións correntes:

OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS NETAS POR OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo	Obrigacións recoñecidas netas
I Gastos de persoal	55.893.612,92
II Gastos correntes en bens e servizos	32.894.995,89
III Gastos financeiros	20.042,48
IV Transferencias correntes	87.169.979,71
V Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
TOTAL OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS NETAS	175.978.631,00

c) Aforro bruto: Dereitos liquidados netos - obrigacións recoñecidas netas do exercicio 2024 por operacións correntes, segundo o criterio tradicionalmente utilizado.

309.164.518,68 € – 175.978.631,00 € = 133.185.887,68 €

MÉTODO DE CÁLCULO B

Para determinar o aforro bruto co criterio establecido na redacción actual do TRLRFL, temos que restar do total de obrigacións recoñecidas netas do exercicio 2024 aquelas que se financiaron con remanente líquido de tesourería.

En consecuencia o importe do aforro bruto do exercicio 2024 con este segundo criterio presenta o seguinte detalle:

**OBRIGACIÓNES POR OPERACIÓN CORRENTES FINANCIADAS CON
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA**

Capítulo	Obrigacións financiadas con remanente líquido de tesourería
I Gastos de persoal	517.038,07
II Gastos correntes en bens e servizos	1.097.853,35
III Gastos financeiros	0,00
IV Transferencias correntes	15.388.215,69
V Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
TOTAL	17.003.107,11

Aforro bruto (B) = **309.164.518,68 €– (175.978.631,00 € – 17.003.107,11) € = 150.188.994,79€**

AFORRO NETO SEGUNDO DATOS DA LIQUIDACIÓN:

	MÉTODO A	MÉTODO B
(A) AFORRO BRUTO SEGUNDO LIQUIDACIÓN 2024:	133.185.887,68	150.188.994,79
(B) AMORTIZACIÓN TOTAL EJERCICIO 2024:	0	0
AFORRO NETO EN TERMOS ABSOLUTOS (A-B)	133.185.887,68	150.188.994,79
AFORRO NETO, en porcentaxe de dereitos liquidados netos poroperacións correntes no exercicio 2024:	43,08%	48,58%

A evolución temporal das magnitudes referidas recóllese no seguinte cadro comparativo:

	AÑO 2024	AÑO 2023	AÑO 2022	AÑO 2021
+ Dereitos liquidados netos por operacións correntes	309.164.518,68	250.751.988,06	243.449.044,42	212.012.887,47
- Obrigacións recoñecidas netas por operacións correntes	175.978.631,00	167.601.641,57	160.932.557,99	153.205.195,71
= AFORRO BRUTO (método A)	133.185.887,68	83.150.346,49	82.516.486,43	58.807.691,76
= Aforro neto en termos absolutos (método A)	133.185.887,68	83.150.346,49	82.516.486,43	58.807.691,76
AFORRO NETO (método A) EN PORCENTAXE DOS DEREITOS LIQUIDADOS	43,08%	33,16%	33,89%	27,74%
+ Obrigacións financiadas con remanente líquido de Tesourería	17.003.107,11	14.929.419,35	10.752.797,91	18.431.551,04
= Aforro neto en termos absolutos (método B)	150.188.994,79	98.079.765,84	93.269.284,34	77.239.242,80
AFORRO NETO (método B) EN PORCENTAXE DOS DEREITOS LIQUIDADOS	48,58%	39,11%	38,31%	36,43%

OBXECTIVO 3: Mellora dos servizos públicos básicos municipais e redución do número de Plans destinados a colaborar cos concellos

Para levar a cabo a mellora dos servizos básicos municipais e reducir o número de Plans destinados a concellos, iniciouse no 2016 a elaboración do POS+, así para cadaexercicio orzamentario, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei reguladora das bases do réxime local, a Deputación aproba o Plan de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal e tamén continua con outros plans aprobados en exercicios anteriores.

A parte máis significativa dos créditos provinciais foron destinados ao POS + 2024, como non podía ser doutra maneira, non obstante a continuación detallase o importe dos créditos destinados durante o exercicio 2024, aos distintos POS+, recollendo tanto a dotación do POS+2024 como os iniciados en exercicios anteriores.

DENOMINACIÓN DO PLAN	CRÉDITO TOTAL	GASTO COMPROMETIDO
Plan de obras e servizos (POS+ 2025)) Achega adiantada	45.000.000,00	0,00
Plan de obras e servizos (POS+ 2024) Gasto corrente	34.312.623,59	34.211.171,91
Plan de obras e servizos (POS+ 2024)	59.094.080,13	4.794.551,84
Plan de obras e servizos (POS+ 2023)	46.136.560,89	28.294.859,97
Plan de obras e servizos (POS+ 2022)	32.907.691,88	26.210.322,86
Plan de obras e servizos (POS+ 2021)	14.028.590,78	9.777.271,62
Plan de obras e servizos (POS+ 2020)	3.007.742,84	1.412.932,52
Plan de obras e servizos (POS+ 2019)	0,00	0,00
Plan de obras e servizos (POS+ 2018)	0,00	0,00
Plan de obras e servizos (POS+ 2017)	0,00	0,00
Plan de obras e servizos (POS 2016)	0,00	0,00
TOTAIS	234.487.290,11	104.701.110,72



En canto ao "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2024" (Plan único de concellos) cabe destacar que é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do disposto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito plan en colaboración cos concellos da provincia.

O POS+2024 continúa na liña do POS+2023, POS+2022, POS+2021, POS+2020, POS+2019, POS+2018 e do POS+2017 que introduciron importantes novidades en relación cos Plans dos anos anteriores, coa intención de acadas as seguintes finalidades: racionalizar e obxectivar a colaboración cos concellos, facer un plan dinámico, dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello, contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento que os concellos teñan cos seus provedores e contribuír tamén de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos coas entidades financeiras.

Neste POS+ 2024, o mesmo que no POS+2023, elimínase das Bases o obxecto denominado "Pago a provedores contemplado nas Bases do POS+2017 a 2021, que obrigaba aos concellos a destinar en primeiro lugar a cantidade asignada neste Plan ao pago das súas débedas con provedores.

Outras actuacións:

Tamén se viu reforzada a actuación da Deputación nos servizos públicos básicos a través de programas concretos como o servizo de prevención e extinción de incendios ou o de limpeza de praias, e a través de subvencións nominativas principalmente para investimentos financeiramente sustentables, os créditos asignados neste apartado tiveron o seu reflexo máis significativo a través de transferencias, sobre todo as destinadas a concellos.

Co seguinte resumo por políticas de gasto:

POLÍTICA DE GASTO	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Seguridade e mobilidade cidadá (13)	1.714.946,69	1.324.749,00
Vivenda e urbanismo (15)	2.152.750,85	1.735.999,99
Benestar comunitario (16)	1.293.649,50	1.035.909,78
Medio (17)	2.766.466,41	2.345.585,47
TOTAIS	7.927.813,45	6.442.244,24

- Seguridade e mobilidade cidadá (13): Do total orzamentado, 1.113.669,77€ van destinados a programas de prevención e extinción de incendios dos concellos.
- Vivenda e urbanismo (15): O crédito incluído nesta política de gasto va destinado na súa totalidade a pavimentación de vías públicas dos concellos e acceso a núcleos de poboación.
- Benestar comunitario (16): Esta política materializouse en dotacións para os concellos para mantemento dos servizos da rede de sumidoiros, abastecemento domiciliario de auga potable, iluminación pública e recollida e xestión de residuos.
- Medio (17):

A Deputación Provincial de A Coruña ten atribuída entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, particularmente no eido do medio ambiente.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible representa o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e medioambientais da globalización, situando no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz. A Axenda 2030 formula 17 obxectivos con 169 metas nas esferas económica, social e ambiental aplicándose por igual tanto a países desenvolvidos como en vías de desenvolvemento abordando a pobreza, a desigualdade e a degradación do planeta.

A protección do medio ambiente constitúe un dos piares desta Axenda 2030 e se establece como un fin transversal presente na maioría dos obxectivos.

A Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia ambiental, dá continuidade na anualidade 2024 aos seguintes programas co obxectivo de contribuír á conservación e mantemento do patrimonio natural e medio ambiente da provincia así como mellorar a calidade de vida dos seus habitantes baixo criterios de equilibrio territorial e de desenvolvemento sostible:

- **PROGRAMA DE AXUDAS PARA LIMPEZA DE PRAIAS DESTINADO A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA (MA100):**

Finalidade: apoiar aos concellos da provincia da Coruña no sostemento dos gastos de contratación dirixidos á limpeza de súas praias marítimas durante a tempada de verán.

- **PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE (DP0031):**

Finalidade: apoiar proxectos de actividades que se desenvolvan na Provincia da Coruña no ámbito do medio ambiente por parte de asociacións sen ánimo de lucro cuxo fin primordial sexa o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e, que contemplen no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade.

- **PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE (DP0036):**

Finalidade: apoiar proxectos de investimentos que se desenvolvan na Provincia da Coruña no ámbito do medio ambiente por parte de asociacións sen ánimo de lucro cuxo fin primordial sexa o estudo, a conservación, a promoción e/ou defensa dos recursos naturais e do medio ambiente e, que contemplen no seu deseño e execución as prioridades definidas nas leis de protección ambiental, principalmente a Lei galega 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, e na Lei estatal 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e a biodiversidade.

- **PROGRAMA DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES (DP0035):**

Finalidade: apoiar os gastos en actividades, relacionadas coa protección de animais domésticos por parte de asociacións sen ánimo de lucro de protección e defensa de animais doméstico, que respecten as prioridades definidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, relacionadas coa recollida, atención e coidado de animais de compañía pertencentes ás especies canina e felina.

- PROGRAMA DE AXUDAS A ASOCIACIÓNS PROTECTORAS DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS (DP0037):**

Finalidade: apoiar os gastos en investimentos, relacionadas coa protección de animais domésticos por parte de asociacións sen ánimo de lucro de protección e defensa de animais doméstico , que respecten as prioridades definidas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, relacionadas coa recollida, atención e coidado de animais de compañía pertencentes ás especies canina e felina.

OBXECTIVO 4: Continuar a execución de programas xa iniciados anteriormente como son o Plan de investimento e o Plan de conservación de vías provinciais, o Plan de sendas peonís e o Plan de travesías, todos eles co obxectivo de mellorar a seguridade nas estradas provinciais. así como, continuar coa execución do Plan Director de Mobilidade Ciclista

Para o mantemento e o investimento en vías públicas provinciais consignase crédito nos distintos programas de actuacións por un total de 37.529.600,00 €. O detalle orzamentario así como da finalidade de cada un deses plans é a que se detalla no seguinte cadro, no que tamén se recollen os créditos destinados ao Plan Director de Mobilidade Ciclista:

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Plan de vías provinciais (investimento)	11.209.714,22	6.449.802,19
Plan de conservación de vías provinciais	17.914.708,64	11.760.368,71
Plan de travesías provinciais	692.191,70	6.497,19
Plan de sendas peonís	5.028.208,85	1.662.191,74
Expropiacións	1.022.066,48	320.091,12
Plan de estradas que se han transferir	1.352.000,00	0,00
Investimentos xestionados para outros-estradas	310.710,11	74.633,55
Plan director de mobilidade ciclista	1.262.093,11	21.502,71
TOTAL XERAL	38.791.693,11	20.295.087,21



Plan de vías provinciais (VIP): As obras que se inclúen neste plan consisten basicamente en ampliacións de plataforma e melloras de trazado nos tramos con anchura de calzada insuficiente, tramos sinuosos ou tramos onde as obras que se vaian realizar melloran significativamente a seguridade viaria, así como aquelas actuacións tendentes ao aumento da capacidade estrutural da calzada que leven aparellados novos investimentos nas estradas.

Plan de conservación de vías provinciais: As obras que se inclúen dentro deste Plan son as imprescindibles para manter as estradas nun estado tal que a circulación por elas non ofrezca perigo ningún ao usuario e que se centran basicamente nos seguintes aspectos: gabia, firmes, sinalización, seguridade viaria, drenaxe e desbrozos.

Plan de travesías provinciais: O obxectivo deste Plan é potenciar os percorridos peonís ao redor das estradas provinciais e camiños históricos, para que actúen como elementos dinamizadores desde o punto de vista turístico das áreas do rural da provincia e permitan así mesmo, reducir o nivel de accidentes nas estradas provinciais, dotando dun maior servizo e dunha maior seguridade aos veciños próximos á Rede de Estradas Provinciais.

Plan de sendas peonís: O obxectivo deste Plan é potenciar os percorridos peonís ao redor das estradas provinciais e camiños históricos, para que actúen como elementos dinamizadores desde o punto de vista turístico das áreas do rural da provincia e permitan así mesmo, reducir o nivel de accidentes nas estradas provinciais, dotando dun maior servizo e dunha maior seguridade aos veciños próximos á Rede de Estradas Provinciais.

Plan de estradas que se han transferir: O obxectivo desta Plan é a redacción dun estudo para o cambio de titularidade de estradas ou tramos das mesmas entre a Deputación e outras administracións.

Plan Director de Mobilidade Ciclista: É o instrumento de planificación e deseño que lle permite a Deputación da Coruña, a través do fomento do uso da bicicleta na provincia da Coruña, o desenvolvemento de medidas por e cara a unha mobilidade máis sostible, respectuosa co medio ambiente e enerxeticamente eficiente.

Os proxectos de mobilidade, incluídos no dito Plan, que foron levados a cabo en exercicios anteriores son:

- 1.- VÍA VERDE–OROSO – ORDES – CERCEDA - TORDOIA
- 2.- SENDAS CICLABLES Z.E.C. ABEGONDO- BETANZOS-BERGONDO-CARRAL

Estes proxectos puideron realizarse con financiamento europeo FEDER.

Na anualidade 2024, está en execución o Tramo 1 da Vía Verde Santiago-Tambre-Lengüelle no termo municipal de Santiago de Compostela e se inician os trámites para a execución do Tramo 2.

Tamén se inician os trámites para a execución do proxecto “Senda Ciclable entre Valdoviño e Taraza”, proxecto financiado con Fondos Next Generation:

- SENDA CICLABLE ENTRE VALDOVIÑO E TARAZA: Proxecto aprobado por Resolución da Dirección Xeral do IDAE no contexto do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

OBXECTIVO 5: Continuar coa xestión do Plan de Emprego Local, no que se procurará a colaboración e a achega da Xunta de Galicia e a participación activa dos concellos.

Unha das grandes apostas desta corporación foi o fomento do emprego. Para iso púxose en marcha no 2016 o denominado Plan de Emprego Local (PEL), plan que no 2024 tivo importantes incrementos dotacionais ao consideralo unha das ferramentas mais axeitadas para chegar ao tecido social e económico da provincia.

O reflexo orzamentario do PEL foi o seguinte:

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	Créditos totais consignados	Disposiciones ou Compromisos
0420	24100	212	PEL- Manten. e conservación edificios.	8.000,00	837,32
0420	24100	213	PEL- Reparación e mantem. instalacións	10.000,00	6.236,83
0420	24100	215	PEL- Mantem. e conservación mobiliario	500,00	0,00
0420	24100	22100	PEL- Enerxía eléctrica	7.100,00	1.515,23
0420	24100	22102	PEL- Gas	27.100,00	4.968,86
0420	24100	22199	PEL- Outras subministracións	500,00	0,00
0112	24100	22400	PEL- Seguro bens inmoables	500,00	494,95
0520	24100	22602	PEL- Publicidade e propaganda	200.000,00	28.556,00
0520	24100	22699	PEL- Outros gastos diversos	477.302,09	307.672,66
0420	24100	22700	PEL- Limpeza e aseo	12.100,00	11.496,50
0520	24100	22706	PEL- Estudos e traballos técnicos	300.000,00	0,00
0420	24100	22799	Outros Traballos.- Pazo de Arenaza	2.600,00	2.466,78
0520	24100	22799	PEL- Outros traballos	600.000,00	0,00
0520	24100	23020	PEL- Axudas de coste persoal non directivo	0,00	0,00
0520	24100	23120	PEL- Locomoción do persoal non directivo	0,00	0,00
0520	24100	45390	PEL- Subv. entid. públicas e ou. CCAA	50.000,00	50.000,00
0520	24100	46201	PEL- Subv. a concellos	4.377.207,66	4.072.116,44
0520	24100	470	PEL- Subv. fomento do emprego	0,00	0,00
0520	24100	479	PEL- Outras subv. a empresas privadas	11.222.740,74	10.401.265,12
0520	24100	481	PEL- Subv. a familias e instit. SFL	1.275.000,00	346.571,53
0420	24100	62200	PEL- Edificios e ou. construcións	1.000,00	0,00
0520	24100	62200	PEL- Edificios e ou. construcións	1.498.766,37	0,00
0520	24100	62300	PEL- Maquinaria	0,00	0,00
0420	24100	62500	PEL- Mobiliario	250,00	0,00
0520	24100	76201	PEL- Subv. a concellos	1.300.000,00	80.000,00
0520	24100	771	PEL- Subv. a empresas privadas	3.995.732,11	3.968.468,05
0520	24100	781	PEL- Subv. a familias e instit. SFL	550.000,00	0,00
TOTAL XERAL				25.916.398,97	19.282.666,27

O Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación Provincial da Coruña foi aprobado inicialmente na sesión plenaria celebrada o 29/07/2016, onde xa quedaron establecidos os obxectivos xerais deste plan.

O PEL focalízase no fomento do emprendemento como sustento da xeración de emprego, da creación de empresas, da fixación da poboación nos territorios rurais da provincia e, en definitiva, do desenvolvemento socioeconómico do territorio e do benestar social.

Os obxectivos xerais do Plan de Emprego Local son:

- Impulsar o emprego de calidade, prestando atención preferente ás persoas máis desfavorecidas en risco de exclusión social.
- Facilitar de maneira integral o emprendemento, poñendo en valor a súa importancia estratéxica para a nosa provincia.
- Promover a formación para o emprego, tanto das persoas desempregadas como das ocupadas, desde a concepción de que na Economía do Coñecemento a capacitación é a mellor garantía de emprego.
- Loitar contra os desequilibrios territoriais da provincia e contra a España baleirada, favorecendo aqueles territorios rurais nos que a lacra do desemprego e a escaseza de oportunidades laborais son unha realidade a que se debe facer fronte común desde as administracións públicas.
- Potenciar a creación de empresas en sectores estratéxicos, facilitando a súa posta en marcha.
- Valorizar e recoñecer a labor realizada polas empresas e profesionais independentes e autónomos.
- Os obxectivos específicos son:
 - Fomentar o emprendemento e a creación de novas empresas facilitándolles ás persoas emprendedoras espazos de traballo onde desenvolver os seus proxectos empresariais e crear as súas empresas, prestándolles asesoramento e tamén axudas en forma de subvencións para facilitarlles o investimento en bens inventariables imprescindibles para a actividade empresarial.
 - Optimizar a pioneira Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo conseguindo que os concellos adheridos contén con espazos que funcionen ao máximo rendemento, conseguindo novas adhesións e acadando sinerxías e intercambios de boas prácticas entre todos eles.
 - Promover o emprendemento feminino facilitando a este colectivo o acceso prioritario ás subvencións e aos espazos de traballo colaborativo, así como mellorando a súa empregabilidade a través de itinerarios formativos desenvolvidos no marco de proxectos europeos
 - Favorecer á xuventude á hora de obter axudas ao emprendemento, así como promover o seu auto emprego facilitándolles espazos onde desenvolver os seus proxectos empresariais. Crear canles comunicativos para o intercambio de boas prácticas entre persoas, empresas, concellos e, en definitiva, entre calquera beneficiario/a do Plan de Emprego Local.



- Fomentar a fixación da mocidade no rural, favorecendo a súa contratación en empresas do rural así como impulsando o emprendemento xuvenil
- Focalizar ás axudas do PEL adaptándoas o máximo posible á realidade territorial
- Complementar as axudas da Xunta de Galicia e as propias dos concellos en materia de emprego e emprendemento desde una perspectiva que só as Deputacións poden aportar, sobre todo no ámbito dos municipios de tamaño medio e pequeno.
- Realizar unha avaliación exhaustiva e análise do impacto económico tras a execución do Plan de Emprego Local

A nova realidade económica pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se poña en marcha o maior número de empresas posible, senón que tamén é preciso deseñar mecanismos necesarios para apoiar a supervivencia e o fortalecemento das empresas.

Na anualidade 2024 o Plan de Emprego Local continuou sendo o eixo principal de todas as políticas da Deputación da Coruña, apoiando aos negocios nun momento clave para a súa supervivencia, continuando a súa senda de fomento da creación de emprego de calidade e fortalecemento do tecido empresarial.

As liñas de actuación concretas levadas a cabo na anualidade 2024 foron as que se detallan a continuación:

Liña 1. PEL CONCELLOS:

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

No contexto socioeconómico actual, é vontade da Deputación da Coruña aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral, a través do Plan de Emprego Local. Nesta situación maniféstanse unha serie de necesidades e carencias

a nivel municipal que é preciso atender de maneira inmediata para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde dos cidadáns, especialmente nos centros educativos, e sempre ao abeiro do marco legal establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

1.1. PEL CONCELLOS

Finalidade: apoiar aos concellos máis pequenos, concedéndolles axudas maiores en proporción ás súas taxas de desemprego que aqueles concellos máis grandes, na contratación de persoal preferentemente para a prestación de servizos municipais esenciais durante o período de 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Liña 2. PEL EMPRENDE

Finalidade: apoio á creación e ao recoñecemento de empresas no ámbito local, ao fomento do emprendemento e a xestión e coordinación de espazos de traballo colaborativo.

2.1. INICIATIVA EMPRESARIAL. EMPRENDE INVESTIMENTO

Finalidade: contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña a través do apoio ao investimento en bens inventariables de pequenas, medianas empresas e microempresas en calquera das modalidades xurídicas existentes.

2.2. PROMOCIÓN COWORKING

Finalidade: colaborar cos concellos da provincia que dispoñan de instalacións para a creación de espazos de traballo, ben sexan viveiros de empresas, centros de negocios ou espazos de coworking, ou ben aqueles que xa contén con algún destes espazos creados e precisen apoio para o seu funcionamento e dinamización.

No 2024, xa se encontran adheridos á Rede 11 espazos de traballo localizados en concellos da provincia.

- **PEL REDE COWORKING:**

Finalidade: favorecer a creación, posta en marcha e consolidación de novas empresas na provincia, fomentar o emprendemento, atraer o talento, innovar e valorizar os recursos locais e favorecer a instalación de profesionais para impulsar a modernización do tecido empresarial.

2.3. PROXECTOS PILOTO

Finalidade: facilitar un espazo de traballo ás persoas emprendedoras e empresas de recente creación en espazos de traballo colaborativos.

- A Deputación xestiona en colaboración co concello de Oleiros o proxecto piloto que supón o espazo coworking do Pazo de Arenaza.

Na primavera de 2019 púxose en marcha o primeiro centro de coworking integrante da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo: o coworking do Pazo de Arenaza, espazo cedido polo concello de Oleiros á Deputación da Coruña para a súa rehabilitación e xestión. Este centro está especializado nos sectores de arquitectura, urbanismo e empresas de base tecnolóxica, e desde a súa apertura xa ten apoiado a preto dun centenar de persoas emprendedoras a desenvolver os seus proxectos empresariais.

2.4. PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL

Finalidade: recoñecer e valorizar as iniciativas e o traballo realizado polas empresas, os autónomos, as asociacións empresariais e concellos, fomentando a súa imaxe positiva e realzando o seu papel fundamental como xeradores/as de riqueza e emprego, contribuíndo á súa sustentabilidade e fomentando a cultura emprendedora na provincia.

2.7. PEL AUTÓNOMO/AS - PEL AUTÓNOMOS/AS CONSOLIDADO:

Finalidade: reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores estratéxicos emerxentes, priorízanse nestas axudas PEL aquelas iniciativas empresariais con actividades económicas enmarcadas en determinados sectores correspondentes a estratexias estatais e europeas. Estes sectores están enmarcados na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), que define as prioridades e obxectivos aos que se enfoca o investimento de I+D+i en Galicia no período 2021-2027. Tamén se tivo en conta á hora de determinar os sectores prioritarios aqueles encadrados nos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, en concreto os referidos ao reto

demográfico e a economía dos coidados, fomento dunha economía fundada no uso de enerxías que procuren un menor impacto ambiental, fomento da economía circular e da eficiencia no ciclo da auga, favorecer o turismo sustentable, aumentar a rendibilidade e competitividade da industria agroalimentaria e consolidar unha cultura de crecemento a partir da innovación e a I+D.

Ademais dos sectores recollidos nesta Axenda, existen outros sectores que son un eixo fundamental na economía galega, como son os sectores do Comercio e Turismo. Dado o seu elevado peso na estrutura produtiva e no emprego, a economía galega é moi sensible á evolución do turismo e do comercio polo que a Deputación da Coruña trata tamén de favorecer a estes sectores nas súas axudas.

Liña 3. PEL PEMES

Finalidade: fomento da creación directa de emprego de calidade a través da xeración de novos postos de traballo nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

3.1. PEL PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

Finalidade: incentivar a contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas e contribuír á inserción laboral das persoas desempregadas, favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral nun contexto de proximidade.

3.2. PEL PEMES MANTEMENTO DO CADRO DE PERSOAL

Finalidade: apoiar ao tecido empresarial no mantemento das contratacións laborais indefinidas das persoas contratadas con cargo ao Programa de incentivos á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas (PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN) da anualidade anterior.

Liña 4. PEL FINANCIAMENTO EUROPEO

Captación de fondos procedentes da Unión Europea para o desenvolvemento de proxectos vinculados aos obxectivos do Plan de Emprego Local (PEL).



Finalidade: deseñar e presentar candidaturas ás convocatorias dos distintos programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúen ás necesidades de desenvolvemento da provincia e, máis concretamente, aos obxectivos do PEL. Así como, unha vez aprobados, levar a cabo a súa execución, implementación e seguimento.

Proxecto europeos aprobados e en tramitación:

- **PEL ACTIVA (FSE+):**

Proxecto aprobado por Resolución de 26 de novembro de 2024, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se resolve a convocatoria para a selección de proxectos de formación para o emprego promovidos por entidades locais, financiados polo Programa de Emprego, Educación, Formación e Economía Social, do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) do período de programación 2021-2027.

OUTRAS ACTUACIÓNS EN EXECUCIÓN NO 2024:

- **Oficina Acelera Peme Rural (OAP Deputación da Coruña):**

A Oficina Acelera Pyme da Deputación da Coruña con sede no Concello de Ponteceso e cofinanciada con Fondos Next Generation xorde co obxecto de apoiar a pemes, autónomos/as e emprendedores/as no seu proceso de dixitalización, o que lles permitirá mellorar a súa competitividade, logrando deste xeito o crecemento económico do territorio e contribuíndo a evitar o despoboamento dos municipios. Esta oficina está financiada con Fondos Next Generation EU ao abeiro da convocatoria de axudas 2021 para a creación da Rede de Oficinas Acelera Pyme para entornos rurais (C029/21- ED).

- **Oficina de Transición Enerxética (OTE),**

A OTE xorde como espazo destinado a apoiar aos concellos da provincia na transición cara a modelos enerxéticos sostibles e eficientes, baseados en enerxías renovables e prácticas sustentables.

A Oficina proporciona asesoramento técnico e desenvolve programas pilotos que permiten aos concellos optimizar os seus recursos enerxéticos. Neste senso, colabora activamente coas comunidades enerxéticas locais, promovendo o uso de recursos enerxéticos autóctonos, o cal impulsa a economía da contorna rural e xera oportunidades de emprego, axudando tamén a fixar a poboación en zonas rurais.

- **Oficina NEXT**

No ano 2022 a Deputación da Coruña impulsou a posta en marcha do primeiro centro de Galicia especializado na captación e xestión de fondos Next Generation para os concellos. Esta Oficina Next, localizada no Concello da Capela, é un servizo destinado ao aproveitamento das oportunidades de financiamento de actuacións provinciais a través dos Fondos de Recuperación. Da asesoramento aos 93 concellos da provincia co obxectivo de posicionalos como potenciais beneficiarios dos fondos europeos. O noso obxectivo é situar á provincia da Coruña á vangarda de España neste ámbito e que ningún concello perda esta oportunidade histórica por falta de medios técnicos.

- **Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA), Coruña Estudio Inmersivo (CEI),**

O proxecto Coruña Estudio Inmersivo (CEI) foi aprobado no marco da convocatoria de axudas no ámbito da Sociedade da Información para a creación dun ecosistema dixital no sector audiovisual. O proxecto foi un dos 5 seleccionados en toda España e conta cun financiamento dos Fondos Next Generation que supera os 5 millóns de euros, e cun financiamento provincial de máis de 4,5 millóns, un total de algo máis de 9,5 millóns de euros cos que a entidade provincial construíu na Cidade das TIC, un plató virtual de última xeración como elemento revulsivo e dinamizador do emprego, en especial dentro do sector audiovisual. No Plató as empresas do sector audiovisual galego e doutras comunidades poderán desenvolver cos máis sofisticados sistemas tecnolóxicos, a súa creatividade e a produción de grandes películas nas mellores condicións de calidade, innovación e tecnoloxía. É o maior plató virtual de España e con esta iniciativa a Deputación quere impulsar e apoiar o sector audiovisual galego, contribuír á súa modernización e competitividade, así como fomentar a creación de emprego e de empresas en sectores estratéxicos e innovadores como é o audiovisual.

OBXECTIVO 6: Incorporáanse aos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos o fomento de accións tendentes a favorecer a igualdade efectiva da muller, a loita contra a violencia de xénero e o fomento da lingua galega.

Actuacións de protección e promoción social.

Tendo en conta que o Plan de Emprego Local é obxecto da análise nun apartado específico o resto do crédito dotado nesta área de gasto destínase a:

POLÍTICA DE GASTO	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Servizos sociais e promoción social (23)	20.911.599,85	16.019.861,09
Outras accións de fomento do emprego (24)	240.000,00	135.000,00
TOTAIS	21.151.599,85	16.154.861,09

Servizos sociais e promoción social (23): A meirande parte deste crédito destinouse a políticas de acción social (18.218.415,47€) dentro das que se inclúe o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (9.674.929,33€), e as outras convocatorias de subvencións de acción social destinadas a consorcios e entidades privadas sen fins lucrativos (8.543.486,14€).

O resto do crédito orzado neste apartado dirixiuse a políticas de igualdade de xénero (1.964.000,00 €), aos programas de cooperación solidariedade e voluntariado (428.434,38 €) e as actividades das comunidades galegas (200.000,00 €).

Na mesma liña de traballo, que nos últimos anos, a Deputación de A Coruña promoveu unha serie de documentos de diagnose dos servizos sociais da provincia, definindo o Plan de Acción de Servizos Sociais, que servirá como marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia, especialmente, nos concellos de menos de 20.000 habitantes.



A Deputación da Coruña, traballa promovendo e apoiando diferentes actuacións preventivas e/ou de intervención social para facer real e efectiva a igualdade entre mulleres e homes na provincia. Por iso anualmente convoca subvencións baseándose na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, dirixida a entidades locais e a entidades sen ánimo de lucro, asína convenios singulares a diferentes entidades e pon en marcha proxectos, programas/actividades (concursos, circuitos actividades coeducativas, xornadas, etc.) desde a Sección de Servizos Sociais, políticas de igualdade de xénero.

Cooperación:

A Deputación tamén tivo en conta a nova Lei 1/2023, do 20 de febreiro de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, recoñece o importante papel da cooperación das entidades locais no sistema da cooperación española para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global a partir da súa traxectoria e capacidade de xerar alianzas, mobilizar aos actores e as capacidades económicas e sociais e o coñecemento experto, así como o das propias administracións locais, nas áreas nas que gozan de competencias e capacidades, e promover a participación social e a democracia no ámbito local. Os actores estatais do sistema español de cooperación para o desenvolvemento sostible promoverán a actividade de cooperación dos entes locais e a simplificación de trámites burocráticos para favorecer o devandito obxectivo.

A cooperación ao desenvolvemento ten como finalidade apoiar aos países máis desfavorecidos, co fin de contribuír ao progreso humano:

- impulsar o desenvolvemento sostible
- favorecer o benestar social
- erradicar a pobreza
- potenciar a defensa dos dereitos humanos.

A Deputación da Coruña ven prestando anualmente apoio aos axentes da cooperación galega, aos que teñen a súa sede ou delegación na provincia da Coruña, no financiamento de proxectos de axuda ao desenvolvemento, a través dos seguintes programas:

- PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA AXUDA AO DESENVOLVEMENTO (DP0025):**

Finalidade: apoiar proxectos de actividades no ámbito da axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización social , educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) que se realicen por parte de entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento e que contemplen, no seu deseño e execución, entre outras, as prioridades transversais definidas no “Documento marco. V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026)”, relativas á erradicación da pobreza, a igualdade de xénero, a defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.
- PROGRAMA DE AXUDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS NO ÁMBITO DA AXUDA AO DESENVOLVEMENTO (DP0026):**

Finalidade: apoiar proxectos de investimentos no ámbito da axuda ao desenvolvemento (cooperación internacional, axuda humanitaria, sensibilización social , educación para o desenvolvemento, comercio xusto, ...) que se realicen por parte de entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento e que contemplen, no seu deseño e execución, entre outras, as prioridades transversais definidas no “Documento marco. V Plan Director de Cooperación Galega (2023-2026)”, relativas á erradicación da pobreza, a igualdade de xénero, a defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

Producción de bens públicos de carácter preferente

POLÍTICA DE GASTO	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Educación (32)	1.981.810,14	1.738.736,83
Cultura (33)	13.103.745,80	10.327.746,32
Deporte (34)	9.043.744,93	7.219.903,86
TOTAIS	24.129.300,87	19.286.387,01

Os créditos asignados neste apartado tiveron o seu reflexo máis significativo a través de transferencias e subvencións dirixidas sobre todo a concellos co seguinte resumo por políticas de gasto:

- Educación (32): 1.981.810,14€ dos que destacan as achegas a universidades e as bolsas de estudo. Inclúense investimentos con unha dotación total de231.610,00 €no Instituto de Estudios Secundarios Rosalía Mera e Puga Ramón e no Conservatorio Profesional de Danza.
- Cultura (33): 13.103.745,80 € dos que destacan as achegas para promoción de actividades culturais (4.086.152,77€), os programas de música, teatro e cinematografía (4.264.566,00€), subvencións para mantemento e investimentos en museos (560.000,00€), ás achegas para centros etnográficos (64.500,00€), accións de fomento da lingua galega (625.000,00€). Inclúense investimentospara o Proxecto Coruña Estudio Inmersivo por importe de 815.517,85 euros.
- Deporte (34): 9.042.744,93 €, dos que 4.778.564,20€ son destinados á promoción e fomento do deporte, 3.959.180,73€ son para instalacións deportivas e 306.000,00€ para o programa de socorrismo.

Actuacións de carácter económico

POLÍTICA DE GASTO	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Agricultura, gandeiría e pesca (41)	3.648.252,49	2.295.772,91
Industria e enerxía (42)	3.163.338,47	1.861.219,52
Comercio, turismo e PEMES (43)	8.792.075,02	4.174.783,53
Infraestruturas (45)	11.586.368,91	1.588.273,76
Investigación, desenvolvemento e innovación (46)	148.000,00	40.350,02
Outras actuacións de carácter económico (49)	1.401.000,00	159.503,32
TOTAIS	28.739.034,89	10.119.903,06

Os créditos consignados neste apartado tiveron o seu reflexo máis significativo a través das seguintes políticas de gasto:

- Agricultura, gandería e pesca (41): 3.648.252,49 € divididos en dous grandes apartados:
 - Desenvolvemento rural :2.394.252,49€, no que se inclúe o fomento agrícola e gandeiro (885.972,49 €) e a acción comunitaria (1.508.280,00 €).
 - Protección e desenvolvemento dos recursos pesqueiros (1.254.000,00€).
- Industria e enerxía (42): 3.163.338,47€ dos que 3.119.173,47 € se corresponden con subvencións a concellos.
- Comercio, turismo e PEMES (43): 8.792.075,02€, que van destinados á maior parte a promoción turística da provincia.
- Infraestruturas (45): 11.586.368,91€, que van destinados na súa maior parte a mellorar as estradas e camiños veciñais.
- Investigación, desenvolvemento e innovación (46): 148.000,00€ destinados a achegas correntes a universidades para o fomento da investigación e os estudos relacionados cos servizos públicos.
- Noutras actuacións de carácter económico (49): inclúense os investimentos para a asistencia informática á Deputación e aos concellos.

Actuacións de carácter xeral

POLÍTICA DE GASTO	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Órganos de goberno (91)	282.000,00	279.645,45
Servizos de carácter xeral (92)	1.311.575,73	306.988,22
Administración financeira e tributaria (93)	3.933.205,88	1.430.702,79
Transferencias a outras administracións públicas (94)	5.857.257,87	3.730.262,77
TOTAIS	11.384.039,48	5.747.599,23

Os créditos asignados neste apartado tiveron o seu reflexo máis significativo a través das seguintes políticas de gasto:

- Órganos de goberno (91): 282.000,00€ para as asignacións a grupos políticos incluídas na base 58 das de execución dos orzamentos para o 2024.
- Servizos de carácter xeral (92): 1.311.575,73,00€ que inclúen créditos para as achegas a FEMP e FEGAMP.
- Administración financeira e tributaria (93): 3.933.205,88€, dos que 2.044.367,44 € se destinan a investimentos en edificios provinciais destinados a servizos públicos.
- Transferencias a outras administracións públicas (94): 5.857.257,87 € é a achega que lle corresponde a Deputación para o mantemento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

OBXECTIVO 7: Política de austeridade e contención do gasto corrente.

No exercicio orzamentario 2024 continuouse coa política de austeridade e contención do gasto corrente xa iniciada en exercicios anteriores.

EVOLUCIÓN DOS CRÉDITOS NOS EXERCICIOS 2023/2024:

CAPÍTULO	CRÉDITOS INICIAIS			CRÉDITOS DEFINITIVOS			OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS		
	2024	2023	%	2024	2023	%	2024	2023	%
1º Gastos de persoal	57.756.828,93	55.178.051,03	4,67%	58.950.808,57	55.651.266,44	5,93%	55.893.612,92	52.102.726,58	7,28%
2º Gastos correntes en bens e servizos	42.783.767,93	35.391.933,54	20,89%	55.145.245,35	44.953.427,98	22,67%	24.355.173,36	22.425.120,34	8,61%
3º Gastos financeiros	75.000,00	75.000,00	0,00%	108.016,59	107.107,18	0,85%	20.042,48	387,63	5070,52%
4º Transferencias correntes	72.543.597,14	65.769.686,24	10,30%	117.712.560,64	100.273.390,62	17,39%	57.271.628,40	57.332.322,14	-0,11%
5º Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.440.000,00	4.143.000,00	7,17%	4.440.000,00	4.143.000,00	7,17%	0,00	0,00	0,00%
TOTAL OP. CORRENTES	177.599.194,00	160.557.670,81	10,61%	236.356.631,15	205.128.192,22	15,22%	137.540.457,16	131.860.556,69	4,31%

Capítulo primeiro, gastos de persoal

Os créditos destinados ao abono de pagas ao persoal, recollidos no capítulo primeiro do orzamento, incrementouse algo mais do previsto na Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2024, como consecuencia da modificación da relación de postos de traballo, da implementación da carreira profesional e da dotación dunha produtividade co obxectivo de potenciar a asistencia económica, técnica e xurídica que a Deputación presta aos concellos, así como os servizos que a Deputación presta directamente a cidadanía.

Capítulo segundo, gastos en bens correntes e servizos

No que respecta a 2024 todos os organismos coincidiron en prognosticar para a economía que:

- Os altos prezos da enerxía e os riscos de subministración de gas á Unión Europea.
- O endurecemento das condicións monetarias, cunha subida dos tipos de xuro máis rápida da prevista.
- E a previsible desaceleración económica a nivel global e para a zona euro, afectaría negativamente á demanda exterior da economía española.

Inclúense aquí todos os gastos de mantemento e funcionamentos dos servizos provinciais así como o mantemento de bens e edificios patrimoniais e as actividades desenvolvidas para terceiros.

	CRÉDITOS TOTAIS	GASTO COMPROMETIDO
Mantemento e funcionamento dos servizos provinciais	31.671.887,54	22.110.631,26
Mantemento de edificios e bens do patrimonio provincial	2.269.530,04	1.642.405,43
Actividades desenvolvidas para terceiros	19.558.125,68	9.104.610,88
TOTAIS	53.499.543,26	32.857.647,57

A maior parte dos gasto do capítulo segundo centrase no **mantemento e funcionamento dos servizos provinciais**. Nesta apartado inclúese tanto o **mantemento dos edificios** destinados aos servizos provinciais (Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Centro Rosalía Mera, IES Puga Ramón, Fogar Infantil Emilio Romay, Centro de Día de Menores de Ferrol, ...) como o **funcionamento dos servizos** prestados entre os que cabe destacar: o mantemento das estradas provinciais, a asistencia informática a concellos e a prestación de servizos tributarios a concellos.

O resto do capítulo segundo vai para o **mantemento de edificios do patrimonio provincial** que non se destinan especificamente a prestación de servizos (Mosteiro de Caaveiro, Fornos de Buño, Dolmens, Castelo de Vimianzo, Torres do Allo, ...), e para as **actividades destinadas a terceiros** dentro das que destacan o programa da rede cultura, o programa de teleasistencia e outras actividades de carácter cultural, deportivo, social, turístico, etc.

Capítulo terceiro, xuros

Ao non ter préstamo financeiro dende o 2014, os gastos que se incluíron neste capítulo correspóndense con xuros de mora derivados das expropiacións necesarias para a mellora das vías provincias ou derivados de sentenzas xudiciais.

Capítulo cuarto, transferencias correntes.

Inclúese as transferencias e subvencións a outras administracións públicas e entidades cuxo detalle por tipo de actuación inclúese no obxectivo 6.

OBXECTIVO 8: Seguir prestando do mellor xeito posible a asistencia xurídica, económica, técnica e urbanística aos concellos así como darlles cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica e subministración e implantación de novas funcionalidades na aplicación informático-contable.

Do mesmo xeito que en anos anteriores a asistencia a concellos da provincia constitúe un dos principais obxectivos e é unha das competencias esenciais desta Deputación. Neste caso a medición do cumprimento do obxectivo tense que abstraer do dato orzamentario e habería que buscalo nos datos de actividade dos servizos respectivos. Así temos como datos máis relevantes os seguintes:

Na Área Tributaria e Recadatoria

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa, as competencias en materia tributaria en relación cos tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público de carácter municipal, mediante a adhesión particular e expresa de 93 entidades locais da provincia.

A continuación preséntase un resumo dunha parte das actividades desenvolvidas pola Deputación no marco dos traballos de asistencia a concellos nos servizos de xestión recadatoria municipal en período voluntario e executivo, xestión administrativa e asistencia tributaria:

- a) Relativas ó volume do importe de recadación en vía voluntaria e executiva así como a súa evolución nos últimos exercicios:

RECADACIÓN EN VOLUNTARIA			
Padróns: Exercicio	Recadado Total	% Recadación Total	% Domiciliado Xeral
2021	151.369.022,36 €	89,41%	55,17%
2022	155.857.962,41 €	90,04%	57,49%
2023	161.388.483,42 €	91,10%	59,74%
2024	168.240.902,26 €	91.10 %	61,16%

Liquidacións:		Autoliquidacións:	
Exercicio	Recadado Total	Exercicio	Recadado Total
2021	11.899.951,19 €	2021	5.322.360,14 €
2022	11.604.337,52 €	2022	7.568.833,15 €
2023	12.724.927,85 €	2023	6.749.128.15 €
2024	12.497.301,98 €	2024	5.721.476,10 €

RECADADO EN VÍA EXECUTIVA:			
Exercicio	Recadado Total	Pendente Executiva	
2021	21.850.281,90 €	84.437.541,76 €	
2022	24.474.252,76 €	65.355.030,19 €	
2023	24.508.389,79 €	67.858.867,10 €	
2024	26.843.354,87 €	73.097.316,31 €	

FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2024

b) Relativas ás asistenciais tributarias:

Exercicio	Total	Presenciais	Non presenciais	Visitas Oficina Virtual
2021	263.596	34.861	228.735	100.746
2022	312.320	44.499	267.821	143.837
2023	346.202	55.746	290.456	181.419
2024	429.247	62.743	366.504	262.953


FONTE : Memoria de Recadación e Xestión Tributaria 2024

A taxa que percibe a Deputación por este servizo, ascendeu no exercicio 2024 á cantidade de 10.715.173,23 €.



En relación a área de **Intervención**

Asistencia de Consultas: O total de consultas recibidas neste ano alcanza a cifra de 102 incidencias. Un 65,12% delas resolvéronse no mesmo día do rexistro da solicitude, o 10,46% foron evacuadas no día seguinte nun período de menos de 12 horas, e 24,42% restante das consultas restante teñen un tempo superior de resposta debido na maioría dos casos á necesidade de solicitar máis información para completar a solicitude feita pola entidade local, ou pola necesidade dalgunha documentación específica para poder emitir unha resposta axeitada.




Dunha análise máis detallada da información contida na relación de consultas que se acompaña, pódense sacar algunhas conclusións tanto sobre as materias máis demandadas, como dos entes que demandan máis a atención do servizo e tamén da súa evolución ao longo do ano, reflectindo igualmente os períodos nos que as solicitudes son máis elevadas, o que se mostra nos gráficos seguintes.No seguinte gráfico vemos que as áreas nas que se producen máis consultas son as de intervención e orzamentos.

Asistencia en materias de Control financeiro de subvencións, Comité antifraude e Análise de riscos dos Proxectos Next Generation de Deputación e Concellos.



Por áreas temáticas:

No seguinte gráfico vemos que as áreas nas que se producen máis consultas son as áreas de Intervención e Orzamentos.



- **Servizo de Contabilidade**, a labor de colaboración cos Concellos é a resolución de incidencias de contabilización no programa SICALWIN o que constitúe un compoñente esencial do seu cometido, propiciando o cumprimento das obrigas de remisión de información ao Ministerio por parte dos Concellos.

O número aproximado de asistencia realizadas aos concellos de todas as aplicacións contables: SicalWin, Firmadoc, GPA, CES, etc. ascende a un total de 5.514 asistencia.

Cómpre seguir incidindo e destacando as labores de asesoramento e colaboración que o Servizo de Contabilidade da Deputación presta ás entidades locais da provincia nos procesos de peche contable, liquidación e formación do expediente da Conta Xeral, así como depuración de saldos contables e elaboración dos informes relativos os indicadores de Período Medio de Pago.

	Asesoramentos
Peches SicalWin 2024	85
Peches GPA 2023	26
Comprobación módulo contable proxectos	85
Comprobación módulo contable de subvencións	83

- **A asistencia na área de recursos humanos:**


A información fai referencia ás 2.645 incidencias e/ou peticións rexistradas durante o ano 2024, existindo ademais un número indeterminado de consultas e incidencias non rexistradas por dita aplicación pois foron recibidas directamente vía correo electrónico ou teléfono. Como se observa na gráfica, trátase dun numero bastante maior das rexistradas no ano 2023.

Atendendo ás cifras de poboación das entidades locais que realizan as peticións ou consultas, reflíctese unha porcentaxe de entrada de incidencias bastante próxima naquelas entidades que teñen mais de 10.000 e menos de 20.000 habitantes (16%) e os de máis de 20.000 (12%), unha maior demanda ou necesidade de soporte, de mais do dobre desa porcentaxe, nas que teñen menos de 5.000 habitantes (29%), e as entidades entre 5.000 a 10.000 habitantes supoñen a porcentaxe maior (43%) do total de EELL ás que se lles presta o soporte.

Respecto da distribución por áreas temáticas, o volume maior de incidencias concéntrase especialmente nas consultas sobre a xestión mensual das nóminas, representando o 62,08% das incidencias totais. Ocupan un segundo lugar as incidencias dos seguros sociais (cotizacións, afiliacións e partes de ILT) que representan o 30,02%. A súa vez as consultas



sobre contratación, selección e xestión dos RRHH supoñen un 4,84%, e por último, nunha proporción moi inferior (2,46% e menos do 1% do total respectivamente), séguenlles as peticións sobre a información relativa á xestión tributaria do IRPF mensual e anual, e a estrutura organizativa (prazas, postos e o capítulo I do orzamento).



No primeiro trimestre do ano 2024 produciuse un aumento substancial no número de incidencias (767) polos seguintes motivos:

- As modificacións legais introducidas pola Orde PJC/51/2024, do 29 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2024.

- b) A aplicación da nova normativa de cotización das Prácticas Formativas, relacionada coa inclusión no sistema de seguridade social dos alumnos que realicen prácticas formativas remuneradas e non remuneradas a partir do 1 de xaneiro de 2024.
- c) O novo salario mínimo interprofesional para 2024 aprobado polo Real Decreto 145/2024, do 6 de febreiro.
- d) Pero, sobre todo, debido á entrada en vigor da Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023. Trátase dun incremento retributivo complementario do 0,5 por cento vinculado á evolución do Produto Interior Bruto (PIB) previsto no citado artigo, cuxa aplicación con carácter retroactivo ás retribucións de todo o ano 2023 e así mesmo a partir de xaneiro do ano 2024 xerou un elevado volume de consultas e dúbidas relativos á xeración dos correspondentes atrasos derivados de ditos incrementos.

No segundo trimestre houbo un rexistro de incidencias aínda maior ao do primeiro trimestre (784 incidencias) motivado dunha parte pola aplicación da modificación da Orde de 29 de xaneiro citada, introducida pola Orde PJC/281/2024, do 27 de marzo, establecendo novos topes mínimos de cotización á Seguridade Social, e novas cotas dos contratos para a formación e a aprendizaxe e para as prácticas formativas. Pero o maior volume de incidencias débese súa maior parte as consultas e dúbidas derivadas dos procesos de migración das bases de datos dos Concellos á nube de Savia, dentro do proxecto que se explica no apartado IV.4.1.

No terceiro trimestre o Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño, aprobou un novo incremento do 2% das retribucións do persoal ao servizo do sector público. Este incremento aplicouse sobre as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2023 e con efectos do 1 de xaneiro de 2024, o que motivou un aumento considerable do número de incidencias durante todo o trimestre xa que debeu facerse efectivo na nómina do mes de xullo de 2024 e posteriores.

No último trimestre, aínda que houbo unha diminución do número de incidencias respecto ao trimestre anterior, seguiron rexistrándose nun numero considerable debido ás liquidación dos contratos temporais celebrados no trimestre anterior e, en especial, á aplicación do incremento retributivo adicional que orixinou o cálculo dos atrasos das retribucións correspondentes dende a data mencionada.

- Respecto ao **asesoramento xurídico** da Deputación cabe dicir que, ademais de dar continuidade aos asuntos xudiciais en tramitación procedentes de exercicios anteriores (entre os que se inclúen recursos de apelación, suplicación e casación), iniciáronse en 2024, novos preitos. A esta actividade concreta que se reflicte en expedientes medibles, hai que engadirlle a multitude de asesoramentos realizados vía telefónica e vía correo electrónico, no transcurso do exercicio, así como os informes emitidos a petición dos propios concellos. Dentro dos servizos de asesoramento e apoio xurídico aos concellos da provincia e as entidades locais dependentes, encóntrase a emisión de informes xurídicos.

RELACION DE RECURSOS XUDICIAIS E INFORMES XURIDICOS DE CONCELLOS - EXERCICIO 2024

XURISDICCIÓN CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVA	SEDE XUDICIAL - CORUÑA		XURISDICCIÓN SOCIAL	SEDE XUDICIAL - CORUÑA	
	TSXG	5		X SOCIAL 1	8
	XCA Nº 1	18		X SOCIAL 2	7
	XCA Nº 2	24		X SOCIAL 3	9
	XCA Nº 3	17		X SOCIAL 4	1
	XCA Nº 4	16		X SOCIAL 5	8
	SEDE XUDICIAL FERROL			X SOCIAL 6	9
	XCA 1	31		X SOCIAL 7	1
	SEDE XUDICIAL SANTIAGO			SEDE XUDICIAL FERROL	
	XCA 1	5		X SOCIAL 1	1
	XCA 2	6		X SOCIAL 2	2
				SEDE XUDICIAL SANTIAGO	
				X SOCIAL 2	3
		X SOCIAL 4	1		
TOTAL RECURSOS XUDICIAIS			172		
INFORMES XURÍDICOS			31		

En materia procesual, desde xaneiro a decembro do ano 2024, recibíronse 3.395 notificacións na plataforma de xustiza Lexnet correspondentes a asuntos de concellos e outras entidades locais, concretamente:

NOTIFICACIÓNS	CONCELLOS	NOTIFICACIÓNS	CONCELLOS
XANEIRO	316	XULLO	283
FEBREIRO	371	AGOSTO	33
MARZO	286	SETEMBRO	269
ABRIL	344	OUTUBRO	303
MAIO	375	NOVEMBRO	276
XUÑO	267	DECEMBRO	272

- Pola súa banda, o **Servizo de Asistencia Técnica a Concellos** realizou a asistencia técnica a maiores da canle de colaboración entre a Deputación da Coruña e COSITAL, que xa se mencionaron, realiza funcións de asesoramento sobre a lexislación urbanística emitindo informes e propostas de resolución sobre suxestións e/ou alegacións aos proxectos urbanísticos.

A relación de actuacións deste servizo nos concellos pode resumirse no seguinte cadro:

TIPO DE ACTUACIÓN	ACTUACIÓNS
Expedientes incoados en materia urbanística	65
Solicitudes de asistencia á implantación de obras	8
Informes de supervisión de obras e subministracións (Convenio COSITAL 91 e Deputación 28)	119
Consultas urbanísticas informais a través do correo electrónico e/ou teléfono (sen incluír as relacionadas co POS):	381
Informes supervisión de obras e subministracións (Financiadas pola Deputación: POS 553, Convenios 42. Obras propias dos Concellos: 28.)	623
Participación en comités de expertos contratación	9
Coordinación de proxectos provinciais	3
Redacción de planeamento urbanístico	1
Participación en tribunais de oposicións	12
Expedientes SUBTEL asistencia presencial incoados polos concellos en 2024	104
Expedientes SUBTEL asistencia documental incoados polos concellos en 2024	39
Expedientes SUBTEL asistencia xeral incoados polo servizo en 2023	74
Expedientes SUBTEL de propostas Acordo de Xunta de Goberno	38
TOTAL	1476

MARÍA DEL ROSARIO VILAS
MARZO
Data e hora: 05/05/2025 13:21

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA
Data e hora: 05/05/2025 13:11

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
969ae29df6b3ee45cb78a87117ea157aa890b4e

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Código:
969ae29df6b3ee45cb78a87117ea157aa890b4e




- En relación coas **asistencias técnicas informáticas** cabe precisar que a dotación de recursos para a innovación tecnolóxica e a incorporación de novas tecnoloxías á actividade provincial e municipal constitúe outro dos obxectivos establecidos para o exercicio 2024:

Consignáronse para a asistencia informática a concellos (programa 49122) un total de 4.625.931,82 € dos que se 4.065.087,71 €, é dicir, o 87,88 %.

De todas as actuacións de asistencia informática realizadas no exercicio 2024 poden destacarse as seguintes:

- Continuación coas funcións da oficina de ciberseguridade para Deputación e Concellos.
- Continuación coas funcións da oficina do goberno do dato para Deputación.
- Servizos e instalacións sobre a plataforma TEDEC/AL- SIGM, levando a cabo novos desenvolvementos, implantacións e integracións con outras plataformas de uso xeral (XUNTA, Administración Central,...) para Concellos.
- Mantemento e soporte da plataforma de sedes electrónicas para Deputación e Concellos
- Mantemento e soporte arquivo electrónico provincial e evolución e implantación do módulo de arquivo da plataforma TEDEC (Sistema Integrado de Xestión Municipal) da Deputación.
- Mantemento e soporte da aplicación da Biblioteca Provincial da Deputación.
- Mantemento e soporte da aplicación de xestión tributaria GTT da Deputación para servizo aos concellos.
- Mantemento e soporte da aplicación do Padrón Municipal de Habitantes dos concellos.
- Mantemento e soporte da aplicación do Tradutor para Deputación e Concellos.
- Subscrición anual da aplicación de lexislación e xurisprudencia Aranzadi para Deputación e Concellos.
- Mantemento e soporte das licenzas Qlik para a Deputación.
- Subscrición anual das licenzas das aplicacións de servizos técnicos da Deputación.
- Mantemento, soporte e evolución do BOP e outras tecnoloxías de administración electrónica para a Deputación
- Mantemento, soporte e asistencia das aplicacións de xestión económica-financeira da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión de recursos humanos da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de control horario da Deputación e dos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación para a xestión das Taxas e Prezos Públicos dos concellos
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación dunha Plataforma de Coordinación de Actividades Empresariais para Deputación.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión patrimonial aos Concellos.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación de xestión de “citas e esperas” nas oficinas de atención ao público da Deputación.
- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación da aplicación para a xeración e corrección de exames automatizada para Deputación.
- Subscrición anual do portal de emprego para as administracións públicas para a xestión de convocatorias de emprego para Deputación.

- Mantemento, soporte e asistencia da aplicación SUBTEL para Deputación
 - Oficina de certificados
 - Patrimonio
 - SID (sistema de información á dirección)
 - Subvencións de concorrencia
 - Convenios
 - Rede cultural
 - Orzamentos
 - Plans de obras
 - Obras propias
 - Plan de Formación
 - Contratación
 - Prevención de riscos laborais
 - Resolucións
 - Actas
 - Persoal
 - Portasinaturas
 - Sala de sinaturas
 - Rexistro E/S (TEDEC)
 - Rexistro departamental (TEDEC)
 - Enquisas
 - Órganos colexiados
 - EIEL
 - Oficina antifraude
 - Ciberseguridade



OBXECTIVO 9: Fondos «Next Generation EU».

A recuperación socioeconómica e o crecemento sostible son prioritarios para o goberno provincial, polo que a Deputación, no marco das súas competencias e funcións, ten a responsabilidade de aproveitar todos os recursos dispoñibles para a consecución destes obxectivos vitais para a provincia. Por iso, é fundamental a mobilización e o aproveitamento de recursos propios, así como a busca doutras canles de financiamento, apoio e asistencia no desenvolvemento de actuacións para a reconstrución do territorio provincial e o seu crecemento sostible.

Neste, senso, cómpre ter en conta a grande oportunidade que supuxo a aprobación polo Consello Europeo, en xuño do 2022, o programa “Next Generation EU”, o maior instrumento de estímulo económico financiado pola Unión Europea, en resposta á crise sen precedentes causada polo coronavirus.

Este Fondo, ten como obxectivo responder de maneira conxunta e coordinada a unha das peores crises sociais e económicas da nosa historia e contribuír a reparar os danos causados pola pandemia. Con estes Fondos, a Europa posterior á COVID-19 debe ser máis ecolóxica, máis dixital e máis resiliente aos cambios e retos do futuro. O Goberno de España elaborou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da economía española (*España Puede*), que está enmarcado nos plans nacionais elaborados polos 27 Estados membros da Unión, para acollerse ao Plan de Recuperación para Europa Next GenerationEU.

Este plan:“*España Puede*”, estruturase en torno a catro eixos vertebradores para a consecución dos obxectivos fixados pola Comisión para as inversións a realizar:

- A transición ecolóxica.
- A transformación dixital. 1
- A igualdade de xénero.
- A cohesión social e territorial.

Neste contexto, a entidade provincial traballou na actualización do Marco Estratéxico Provincial para adaptalo ás necesidades de desenvolvemento post pandemia e establecer novas prioridades aliñadas cos plans de recuperación nacional e europeo edeste xeito, definir as prioridades de actuación da Deputación e os concellos que a conforman, no acceso aos fondos Next Generation EU, así como para a posta en marcha de iniciativas con fondos propios ou en colaboración con outras administracións locais, autonómicas ou europeas.



A Deputación, consciente da carga que supoñe unha boa planificación de proxectos de recuperación, das xestións asociadas a estes fondos e doutros propios e alleos para tal fin, así como a súa execución, avaliación e verificación, realizou

- Por unha banda, o encargo a TRAGSATEC en virtude do establecido no Real Decreto 69/2019, co obxecto de contar co seu apoio e asistencia técnica na planificación e xestión de iniciativas, programas e proxectos a desenvolver pola Deputación e os concellos, que contribúan ao crecemento sostible da provincia, do Marco Estratéxico da Deputación Provincial da Coruña e o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España, no marco do Plan de Recuperación para Europa: Next GenerationEU

Para o desenvolvemento destes traballos TRAGSATEC dispuxo dunhas instalacións perfectamente acondicionadas e axeitadas na primeira planta do Edificio de Servizos Múltiples de 18 As Neves, do Concello de A Capela.

- E pola outra, aprobou o Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR):

A Deputación da Coruña comprométese a reforzar, dentro do ámbito das súas competencias e no asesoramento aos concellos e demais entidades locais da provincia, unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas e a súa plena aplicación conseguírase co traballo e dedicación do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), órgano específico que se crea neste Plan, para avaliar e mellorar de xeito continuo as medidas preventivas, detectar posibles incumprimentos e levar a cabo procedementos de natureza correctora.

Do exercicio axeitado das súas funcións renderá contas perante o Pleno da Corporación e colaborará eficazmente co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude creado pola Intervención General del Estado (IGAE) e mesmo coa Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF)

Con isto, a entidade provincial pretendía anticiparse e establecer os mecanismos necesarios que permitisen a execución eficiente dos fondos e contar cos instrumentos axeitados para abordar con éxito a tarefa de aproveitar ao máximo as oportunidades no marco de apoio público existente a nivel autonómico, nacional e especial o europeo.

A Deputación ten aprobados e financiados cos fondos Next Generation EU, os seguintes proxectos:

- Proxectos iniciados no exercicio 2022 e que continúan o seu desenvolvemento no 2024:
Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Xeoparque Cabo Ortegal
Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Fragas do Eume.
Proxecto Oficina Acelera Pyme para entornos rurais na Coruña.
- Proxectos iniciados no exercicio 2023 e que continúan o seu desenvolvemento no 2024:
Plan de Sostenibilidade Turística en Destino Vía Verde Compostela - Tambre - Lengüelle
Proxecto de Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual en Galicia
Proxecto “Os Fogóns do Anllóns”
- Proxectos iniciados no exercicio 2024:
Proxecto Senda Ciclista entre Valdoviño e Taraza
Proxecto do Centro Histórico Ferrol e Patrimonio Militar da Costa Ártabra
Proxecto de Infraestrutura dixital: CPD Concellos dixital
Proxecto Concello dixital (Transformación dixital nas EELL da provincia.
Proxecto Concello dixital- Padrón. Hacia o Padrón online: novo modelo de xestión de información territorial

O obxectivo destes proxectos é:

▪ Proxecto **Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza:**

O obxecto do proxecto é a definición dunha senda ciclista que comunique os núcleos de Valdoviño e Taraza no concello de Valdoviño. A senda continúa ata o Campo de Fútbol de Valdoviño. Como criterio xeral, exporase unha senda ciclista separada soamente naqueles tramos que non afecten a ningún elemento patrimonial ou natural protexido, polo que en boa parte do traxecto expónse unha sección compartida entre ciclistas e outros vehículos.

- **Proxecto Centro Histórico Ferrol e Patrimonio Militar Costa Ártabra.**

Investimento en proxectos de Turismo nos que participan os tres niveles de administracións turísticas, no marco do Programa de Sostibilidade Turística en Destinos que contemplan actuacións de mellora do centro histórico de Ferrol, rexenerando zonas verdes e parques públicos, elaboración dun mapa virtual, implantación de ferramentas dixitais e páxina web con mapa virtual dos recursos turísticos e patrimoniais do centro histórico de Ferrol, con especial atención ao patrimonio militar e recuperar e limpar Baluarte de San Xoán.

- **Proxecto Infraestrutura dixital: CPD Concellos dixital.**

Dotar ás administracións locais de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para a súa modernización, co fin de asegurar a dispoñibilidade en calquera circunstancia e de adaptar a capacidade dispoñible ás necesidades existentes en cada momento, contribuíndo a desenvolver a conectividade dixital, a economía do dato e a intelixencia artificial nas administracións.

- **Proxecto Concello dixital, (Transformación dixital nas EELL da provincia).**

Forma parte dunha estratexia integral para a transformación e modernización dixital dos Concellos da provincia, que lidera a Deputación da Coruña. O proxecto contempla o desenvolvemento da plataforma TDeC, accións formativas e apoio na implantación, supoñendo a curto e medio prazo unha execución orzamentaria (en base a fondos propios) nos exercicios 2021, 2022, 2023 e 2024. O importe solicitado na presente convocatoria servirá, unicamente, para financiar custos subvencionables vinculados a actuacións que foron executadas desde finais do ano 2021, o ano 2022, así como, aqueles repercutibles a actuacións que se executarán entre os meses de xaneiro- abril do ano 2023. Por tanto, a Deputación da Coruña tería a posibilidade de financiar actuacións por importe superior ao orzamento preasignado na convocatoria, en caso de ampliar importes e prazos de execución.

- **Proxecto Concello dixital - Padrón. Hacia o padrón online: novo modelo de xestión de información territorial provincial.**

